

O PROXECTO “MIND THE GAP”: A INDAGACIÓN E O USO DE PROBAS NA AULA

EIREXAS SANTAMARÍA, Fins
JIMÉNEZ ALEIXANDRE, María Pilar
GALLÁSTEGUI OTERO, Juan Ramón
PUIG MAURIZ, Blanca

*Departamento de Didáctica das Ciencias Experimentais
Universidade de Santiago de Compostela (USC)*

RESUMO

Nos últimos anos a atención sobre o traballo co uso de probas está aumentando, tanto entre o profesorado, como na investigación en didáctica das ciencias. O interese pola competencia científica incrementouse a partir de que a Unión Europea propuxese en 2006 as competencias básicas como eixo da aprendizaxe, e de seren adoptadas nos documentos curriculares do Ministerio de Educación e da Xunta de Galicia de 2007.

Usar probas é, segundo os documentos curriculares e o marco da avaliación PISA, unha das tres dimensións que forman parte da competencia científica, xunto con formular preguntas que poden ser investigadas pola ciencia e explicar cientificamente fenómenos físicos e naturais. O grupo de investigación en didáctica das ciencias da USC ven desenvolvendo as súas actividades no marco do proxecto RODA (Razoamento-Discurso-Argumentación), prestando particular atención ao uso de probas e á argumentación.

O proxecto “*Mind the Gap*” é un proxecto sobre investigación en didáctica das ciencias que desenvolven varias universidades europeas e no que participa a USC. Ten como finalidade producir, partillar e espallar ideas e actividades sobre as prácticas de indagación no ensino das ciencias (*IBST, Inquiry Based Science Teaching*). Pretendemos contribuir a superar o “*gap*”, a fenda existente entre a investigación, o marco normativo e a práctica de aula. Outras fendas ou “*gaps*” que tamén pretendemos contribuir a superar son:

- A existente entre a teoría e a práctica no ensino das ciencias baseado na indagación (IBST).
- A existente entre o ensino e a aprendizaxe.
- A existente entre o deseño educativo e os instrumentos de aplicación.
- A existente entre as demandas cognitivas e as ferramentas de intervención didáctica.
- A existente entre o acceso á cultura científica e determinados colectivos sociais (incluíndo as mulleres)

Na USC desenvolvemos, nun grupo de traballo coas universidades de Lyon e Bristol, unha parte específica do proxecto “*Mind the Gap*” que trata sobre a argumentación e a comunicación nas aulas de ciencias de secundaria. Centrámolos na formación do profesorado para promover tarefas de indagación (IBST) e na análise das prácticas argumentativas e comunicativas do alumnado.

O deseño de actividades que promovan o desenvolvemento da capacidade de usar probas para avaliar o coñecemento non resulta fácil para o profesorado. Por esa razón, e consonte aos obxectivos deste proxecto europeo, dende o grupo de traballo da USC organizamos actividades e cursos de formación e publicamos materiais en formato papel ou electrónico, para fornecer de recursos aos profesores e profesoras de ciencias interesados en levar a cabo un ensino no que o alumnado teña un papel activo. Deste xeito, pretendemos contribuir a que as clases de ciencias se conviryan en verdadeiras comunidades de aprendizaxe, nas que os alumnos e alunas poidan desenvolver as súas competencias.